

XXXII CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE O NADAL

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de BEGONTE –entidade promotora do Belén Electrónico– co patrocinio da CAIXA RURAL GALEGA, co fin de potencia-lo espírito do Nadal nos nenos, convoca o

XXXII CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE "O NADAL"

de acordo coas seguintes BASES:

1. Poden concurrir tódolos nenos, a través dos seus colexios.
2. Establécense dúas categorías:
A.– Ata os 10 anos.
B.– De 11 a 15 anos.
3. Concederanse os seguintes premios:
A.– 3 primeiros premios, dotados con 60 euros e trofeo.
5 segundos premios, dotados con 30 euros e trofeo.
B.– 3 primeiros premios, dotados con 60 euros e trofeo.
5 segundos premios, dotados con 30 euros e trofeo.
4. Os temas serán libres dentro do tema xenérico "O NADAL". O tamaño dos orixinais será como mínimo de 1/2 folio e máximo de 1 folio. Deberán ser presentados en cartulina.
5. Cada colexio non poderá remitir máis de 25 traballos para cada categoría.
6. A admisión de orixinais rematará o día 24 de decembro do ano 2007, debendo ser entregados ou remitidos ó CENTRO CULTURAL "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN" de BEGONTE (Lugo).

Entidades colaboradoras:

- EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
- SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
- CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural
- EXCMO. CONCELLO DE BEGONTE
- FUNDACIÓN CAIXA GALICIA
- CAIXA RURAL GALEGA

1-12-2007

- 18,00 Igrexa parroquial de Begonte:
PREGÓN DO NADAL, a cargo de JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO, Presidente da Deputación Provincial de Lugo.
Recital de panxoliñas da CORAL POLIFÓNICA DE FOZ, dirixida por CARMEN ALONSO LEAL.
- 19,00 Inauguración do Belén Electrónico.

26-1-2008

- 17,00 Centro Cultural:
Entrega de premios dos Certames Culturais.
Clausura de actividades.
Recital de panxoliñas a cargo da coral da "ASOCIACIÓN DE AMIGOS DEL CAMINO DE SANTIAGO", dirixida por ÁLVARO BASANTA.

HORARIO DE VISITAS Ó BELÉN ELECTRÓNICO:

Laborables: 15:00 a 19:00

Festivos: 11:00 a 14:00 e 15:00 a 20:00

Grupos: avisar previamente ó teléf. 982 396 121

O Nadal en Begonte

XXXVI EDICIÓN

1-12-2007 / 26-1-2008



CENTRO CULTURAL
JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN

Belén Electrónico

XVIII CERTAME GALEGO DE ARTE "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN"

O Centro Cultural de Begonte, co patrocinio da EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, convoca o

XVIII CERTAME GALEGO DE ARTE "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN"

de acordo coas seguintes BASES:

1. O premio JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de arte está dotado con 1.500 euros e estatuíña de Sargadelos.
2. Adxudicarase á obra pictórica (considerada no senso máis amplo) que resulte seleccionada polo Xurado calificador, que estará formado por especialistas na materia xunto con representantes do centro convocante e da entidade patrocinadora.
3. Poderán optar a este premio obras de pintores galegos, de tema libre, e con tamaño máximo de 1,5 m por 1 m, con ou sen marco.
4. Cada autor poderá presentar un máximo de dúas obras, acompañadas dos datos identificativos de obra e autor.
5. As obras, debidamente protexidas para evitar calquera deterioro, serán remitidas –libres de gastos– ó Centro Cultural de Begonte. Seranlles devoltas libres de gastos ó enderezo que indiquen.
6. O prazo de presentación remata ás 12 horas do día 25 de decembro de 2007. O Xurado seleccionará de entre as obras presentadas aquelas que deban ser expostas e –entrelas– a gañadora do Certame.
7. A obra premiada quedará en propiedade da entidade convocante. As non seleccionadas serán devoltas ós concursantes de inmediato. As seleccionadas non premiadas serán devoltas ó remate do Certame.

NOTAS:

- Entréndese por autores galegos os nados en Galicia ou residentes habituais.
- Poderase organizar unha exposición na capital lucense coas obras seleccionadas, co fin de apoia-la difusión deste Certame.

XXXII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte –entidade que promove o Belén electrónico– co patrocinio da OBRA SOCIAL de CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 2007, ven de convoca-lo

XXXII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

que se vai rexir polas seguintes BASES:

1. Poden participar tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán.
2. O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Hanse concede-los seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
6. A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro do ano 2008.
7. Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais do autor.

XXXII CERTAME DE XORNALISMO "BEGONTE E O NADAL"

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO, co patrocinio da Xunta de Galicia e co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

XXXII CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"

de acordo coas seguintes BASES:

- A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.
- B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos, dotados con:
 - PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO.– 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
- C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do seis de xaneiro do 2008, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.
- D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor.